

INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA
19ª EDICIÓN GALICIA EN FOCO
E PRESENTACIÓN DO Nº 23 DA REVISTA
FERROLANÁLISIS.

A Concellería de Cultura do Concello de Culleredo organiza o próximo mércores 28 de xaneiro de 2009, ás 20.30 h, na Sala de Exposicións “Xosé Rey Lago” dos Muíños de Acea de Ama (O Burgo-Culleredo), o acto de inauguración da exposición fotográfica **19ª edición GALICIA EN FOCO**, de fotoxornalismo galego, promovida polo Club de Prensa de Ferrol.

No transcurso dese acto presentarase tamén o nº 23 da revista *FerrolAnálisis*, auspiciada tamén polo club de prensa ferrolán e que recolle nas súas páxinas diversos artigos de variada temática (histórica, artística, literaria...), tanto referidos a Ferrol como a Galicia ou Europa; e que, no seu dossier central, inclúe os relatorios dos últimos encontros “Carlos Gurméndez”, que se celebran como curso de verán da Universidade da Coruña na vila de Pontedeume, dedicados nesta ocasión a unha análise do mundo da prensa na actualidade.

No acto tomarán a palabra:

-Celestino Poza Domínguez, concelleiro de Cultura do Concello de Culleredo.

-Xan Morales Somoza, presidente do Club de Prensa de Ferrol.

-Luis Mera Naveiras, directivo do Club de Prensa de Ferrol.

A exposición permanecerá aberta ao público do 28 de xaneiro ao 15 de febreiro de 2009, no seguinte horario:

Luns a venres: De 18.00 h a 21.00 h.

Sábados: De 12.00 h a 14.00 h e de 16.00 h a 20.00 h.

Un ano máis, chega á Sala de Exposicións “Xosé Rey Lago” a exposición fotográfica **GALICIA EN FOCO**, correspondente á súa 19ª edición, organizada polo Club de Prensa de Ferrol, e que conta coa colaboración de diversas institucións públicas.

O Club de Prensa de Ferrol quere amosar, a través de *Galicia en Foco*, a creación dos fotoxornalistas galegos, que se converte anualmente en exposición itinerante en vilas e cidades de Galicia, así como en Porto (Portugal), Santander, Valladolid ou Madrid.

A produción e creación de *Galicia en Foco* xa é unha parte da historia da comunicación e da fotografía en Galicia ao encher un baleiro nos eidos de promoción, divulgación e mostra da fotografía de prensa. Hoxe *Galicia en Foco*, con 19 anos de experiencia, é o resultado do esforzo dos fotógrafos e xornalistas que son quen de manter a súa vixencia para facer memoria e conservalo no tempo. Este delicado patrimonio fotográfico legado polos fotoxornalistas que participan en *Galicia en Foco* é arquivado polo Centro de Documentación do Club de Prensa de Ferrol.

A presente edición acolle fotografías publicadas en medios de comunicación como *Faro de Vigo*, *La Voz de Galicia*, *La Opinión A Coruña*, *El País*, *El Mundo*, *20 Minutos*, *Magazine La Vanguardia*, *Diario de Ferrol*, *A Nosa Terra*, *El Correo Gallego*, *O Sil*, *ABC*, *Diario de Arousa*, *El Progreso*, *Galicia Hoxe* ou *A Peneira*, así como outras difundidas por axencias, publicadas revistas especializadas e mesmo inéditas.

Os fotógrafos participantes na presente edición son os seguintes:

Álvaro Ballesteros, Antón García Freire, Bernardo Villanueva, Carlos Carballeira, Carlos Folgoso Sueiro, Carlos García Hervella, Carlos Puga, Carlos Iván Romero Faraldo, Delmi Álvarez, Diego Villar Santiso, Eva María Domínguez Hermida, Francisco Puñal Suárez, Guillermo Sotelo Rodríguez, Hugo López Arias, Iñaki Abella Diéguez, Javier Lalín Valcárcel, Jesús Regal Rodríguez, Jesús Rey Roca "Otto", Jesús Rodríguez Montero, Jorge Meis, José Luiz Oubiña, José Pardo, José Carlos Pérez Pérez, José Rodríguez Romay, Juan Marcos Míguez Cortizo, Juan Pablo Moreiras Barreiro, Kiko Delgado, Martina Oubiña Miser, Miguel Gómez Muñiz, Miguel Núñez Martínez, Moncho Fuentes García, Mónica Ferreirós, Nacho Gómez, Óscar Corral, Pedro Eliseo Agrelo Trigo, Pedro Armestre, Ricardo Rodríguez Yáñez, Salvador de Sas Fojón, Santy López, Vanessa Casteleiro, Xan Xiadas, Xoán A. Soler e Xosé Marra.

Culleredo, 23 de xaneiro de 2009.

O concelleiro de Cultura

Asdo. Celestino Poza Domínguez